

FEDERACIÓN PROVINCIAL ANPAS DE LUGO

A S E M B L E A

LUGO, 10 de abril de 2021

ASEMBLEA 2020

DOCUMENTACIÓN

INDICE:

1. CONVOCATORIA:
 1. ASEMBLEA ORDINARIA

2. ACTAS:
 1. ASEMBLEA 2019
 2. XUNTAS DIRECTIVAS
 3. XUNTANZAS COAS ANPAS

3. MEMORIA
 1. AXENDA DE ACTIVIDADES
 2. PRENSA
 3. MEMORIA GRÁFICA

4. ESTADO DE CONTAS

**CONVOCATORIA
ASEMBLEA
ORDINARIA**

Convocatoria Asemblea Xeral Ordinaria FAPACEL 2020



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

Convocamos a todas as ANPAS asociadas a FAPACEL, o próximo día 10 de abril de 2021, ás 10,30 horas en primeira convocatoria e ás 11.00 horas en segunda, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Estado de contas. Préstamo de terceiros
- 3.- Nomeamento censores de contas
- 4.- Cambio e aprobación nas cuotas da Federación
- 5.- Aprobación da memoria anual
- 6.- Presentación das actividades do 2021 da FAPACEL e da Confederación Anpas Galegas
- 7.- Elección Xunta Directiva (segundo os artigos 17 e 27 dos estatutos da Federación)
- 8.- Rogos e preguntas

Ao finalizar esta asemblea faremos entrega dos premios do Concurso “Pintando coas gafas lilas”

A reunión terá lugar no Auditorio do Vello Cárcere (Lugo)

Para poder ter dereito a voz e voto é necesario atoparse ao corrente do pago da cota de socio do curso 2020/2021.

Dada a situación actual de pandemia só poderán asistir unha persoa por Anpa. É preciso enviar a acreditación da secretaría da Anpa (Adxuntamos modelo) co nome e DNI da persoa representante que vaia a asistir á asemblea e tamén o número de teléfono co fin de adaptarnos ás normas covid-19.

A asistencia poderase confirmar no correo electrónico: fapacel@gmail.com ou no teléfono: 609 983 876 (Elvira) ata o **8 de abril**.



En Lugo a 23 de marzo de 2021

**ACTA ASEMBLEA
2020**

**E ACTAS XUNTAS
DIRECTIVAS**

ACTA ASEMBLEA ORDINARIA ANUAL

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA ASEMBLEA DA FAPACEL

En A Pastoriza, Lugo, o 01 de febreiro de 2020 ás 11:00 horas, no salón de actos da Casa da Cultura da Pastoriza, reúnese en ASAMBLEA XERAL a FAPACEL coa asistencia de membros das ANPAS que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do día:

ANPAS asistentes:

- Vista Alegre (Burela)
- As Mercedes (Lugo)
- IES Alfoz (Valadouro)
- Cervo
- Alfoz
- Cervante
- Becerreá
- Rábade
- A Pastoriza

1. Lectura e aprobación se procede da acta anterior
2. Estado de contas a 31 de decembro de 2019
3. Presentación de actividades do 2020
4. Aprobación do Regulamento interno de funcionamento da FAPACEL
5. Rogos e preguntas

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

1. Lectura e aprobación da acta anterior (02/02/2019): Aprobada por unanimidade.
2. Balance económico 31/12/2019: 4.992, 12 €
 - a) Gastos
 - b) Coméntase que o inicio das actividades tivo lugar en outubro debido ó cambio de directiva
 - c) Resumo de actividades do último trimestre do 2019
 - d) 2020:
 1. Charlas igualdade
 2. Protocolos
 3. Resolución de conflitos
 4. Música tradicional
 5. Charlas medio ambiente: prevención de incendios y medioambiente
 6. Talleres educación sexual
3. O Regulamento interno de funcionamento FAPACEL
 - a) Definirá o protocolo de actuación en conflitos presentados por ANPAS que soliciten asesoramento ou apoio da FAPACEL
 - b) Definirá que a condición de ANPA asociada se perderá cando se deixa de pagar a cuota anual.

- c) Definirá as funcións de la figura de vocal colaborador: colaborador elexido puntualmente para a xestión dun tema concreto. Deixará de selo cando remata a necesidade de dita colaboración.
 - d) Definirá a posibilidade de realizar xuntancias virtuais: reunións da Xunta Directiva para aprobar por vía urxente cuestións de xestión da Federación
 - e) Definirá a creación de comisión de traballo para determinadas necesidades.
 - f) Definirá e creárase a figura de Censores de Contas: co fin de facer auditorías das contas antes de aprobarlas (Quedan nombrados Oscar Engroba y Elena Cornide)
4. ROGOS E PREGUNTAS

Os temas nos que a FAPACEL está intervindo no momento da Asamblea Xeral:

- a) Transporte escolar:
 - Taxis sin cuidadores: FAPACEL vai preparar unha reclamación y presentar queixas. Cada concello leva o seu proxecto: están na web da Xunta
- b) Comedores escolares: reclamar xestión directa dende a Xunta, para garantir servicio e calidade
- c) Defensa da educación no rural: plan específico para o rural que garantice a calidade da educación
- d) Comunícase ós asistentes que se dispón de información legal na páxina web da FAPACEL

Despois das intervencións dos asistentes en varios temas chégase a seguinte conclusión
CONCLUSIÓN:

- COMEDORES ESCOLARES: Informar e intentar levar a cabo a ILP: Iniciativa Lexislativa Popular: Recollendo todo o que se pide e levar ó Parlamento. Elaborar un documento lexislativo e conseguir os apoios
- TAREFAS DE MANTEMENTO NOS CENTROS ESCOLARES: Facer encuesta nas ANPAS para recopilar necesidades de mantemento e facer reclamación á Xunta para que se faga cargo. Así mesmo, sacar información sobre as competencias en mantemento nos centros escolares.

Sen máis asuntos que tratar remata a ASAMBLEA XERAL da FAPACEL ás 12:30 horas.

Secretaria

Montserrat Cabaneiro Rego

Vº e Prace o Presidenta

Isabel Calvete Carrera

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA FAPACEL

En Lugo, o 08 de xaneiro de 2019 ás 19:30 horas en primeira convocatoria e ás 20:00 en segunda, no local da FAPACEL no Cei-nodus do Concello de Lugo en Garabolos, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Asistentes:

- Isabel Calvete Carrera
- Elvira Lombao Vila
- Raquel Hermida Manzaneque
- Javier Luaces Maira
- Dorotea Paz Cortiñas
- Montserrat Cabaneiro Rego

Orde do día:

1. Lectura e aprobación se procede da acta anterior
2. JORNADAS DE PROTOCOLOS
3. ORGANIZACIÓN ASAMBLEA XERAL
4. ACTO DE CELEBRACIÓN DE LOS 40 AÑOS DE LA FAPACEL: coméntanse posibles actividades.
5. SE DECIDE HACER JORNADA Y CHARLAS DE IDENTIDADE DE XÉNERO (DIPTICOS 200 UNIDADES) SE FIJA PARA EL 14 DE MARZO.
6. SINDROME DE DOWN 28 DE NOVIEMBRE
7. SE DEFINEN LAS ACTIVIDADES QUE SE VAN A OFERTAR A LAS ANPAS
 - a. CHARLAS DE IGUALDAD: EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL (ARELAS 150 €/2 horas Y OTERO PIÑÓN 70 euros´km
 - b. CHARLAS DE LA WEBSERIE SEX (60 €+0,19 €/km
 - c. CHARLAS DE COEDUCACIÓN 20 euros /hora guís y 90 euros la charla
 - d. CHARLAS RESOLUCIÓN CONFLICTOS 90 euros
 - e. CHARLAS DE IGUALDAD 90 euros
 - f. LENGUAJE NO SEXISTA
 - g. OBRADOIROS SOBRE DIVERSIDADE SEXUAL3 sesiones 70 euros por sesión
 - h. CUENTACUENTOS DE IGUALDAD 200 euros
8. SE DECIDE HACER ACTIVIDADES EL 08 DE MARZO CON MUJERES DEPORTISTAS EN LOS CENTROS
9. SE DECIDE HACER UNAS JORNADAS DE MENORES EN REDE. SE FIJA PARA EL 25 DE ABRIL
10. SE COMETAN ACTIVIDADES PARA LLEVAR A CABO EL DÍA DE LA ASAMBLEA XERAL

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 21:00 horas.

Secretaria

Montserrat Cabaneiro Rego

Vº e Prace o Presidenta

Isabel Calvete Carrera

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA FAPACEL

En Lugo, o 10 de febreiro de 2020 ás 19:30 horas en primeira convocatoria e ás 20:00 en segunda, no local da FAPACEL no Cei-nodus do Concello de Lugo en Garabolos, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Asistentes:

- Isabel Calvete Carrera
- Montserrat Cabaneiro Rego
- Froilán Pallín Seco
- Raquel Hermida
- Javier Luaces Maira
- Dorotea Paz Cortiñas

Orde do día:

1. Estado de constas: 2.591 €.
2. Acta reunión anterior pendiente.
3. Propostas para outono. Problemas logísticos de Anpas Galegas.
4. Actividades programas pagadas las que están solicitadas.

Poñeranse as condicións para as actividades posteriormente con cada centro.

A Federación da un taller.

5. 14 de marzo de 2020 Xornada de Identidade de Xénero. Pedir Salón no Museo Provincial.
6. Fálase de organizar Protocolo Down para novembro e incluír na Subvención de Igualdade.
7. Organizar charlas XORNADAS EN REDE 25/04/2020 en Alfoz. Ademáis co fin de promover a unión coas Anpas da Mariña proponse facer II Asamblea da Mariña coa presenza de FAPACEL co fin de dar a conocer a Federación.

Planifícase 1,5 horas de Xornadas (10:30-12:00) logo 15 minutos de descanso e finalizar coa Asamblea as 12:15 ata que acabe.

Elvira propoñerá ponente e proponse a seguinte orde do día:

- Aprobar actas
- Comentar charlas, objetivos,...
- Que as ANPAS falen (rogos e preguntas)

Raquel Hermida propón facer no castelos e buscará donde comer. A FAPACEL organizará os pinchos do descanso.

8. Fálase de datas para Xornadas de Comedores en todas as zonas.

- Sólo informativas
 - Pedir á Consellería os datos reais de cada centro en todas as provincias para telos en conta (nº de comensais, tipo de xestión,...)
 - Levar as reivindicacións de ANPAS Galegas e a lei.
 - Pedir xestión directa para todos os centros igual.
 - Aproveitar para recoller reivindicacións e dar explicación a Asamblea da Mariña-
 - Van a buscar data para Lugo Sur
 - Pasar en Asamblea da Mariña a enquisa sobre obras e aproveitar para pasar a de comedores para ter información máis recente e con datos novos.
9. Na Asamblea Xeral da FAPACEL falouse de facer enquisas nos centros sobre o estado dos edificios: estruturais e obras. Doris propón crear un documento ou protocolo sobre os pasos a seguir ó detectar necesidades, a quen esixir a realización de reparación/obras, a prioridade das mesmas a quen corresponde pedir: ANPAS, concellos,...

Proponse tamen colgar este documento na páxina web.

10. Pago desprazamentos a reunións ANPAS GALEGAS: acórdase que cada Federación pague o seu kilometraje, o do seu representante e proponse que se lle indique que se pode incluír na subvención da Xunta este gasto, xa que é subvencionable.
11. Guías de coeducación (Laura Pardeiro) y otra edición de guías de igualdade a cargo de la subvenciones.
12. Peso mochilas: plantéxase a opción de colocar taquillas, facer un escrito alegando o peso das mochilas e os problemas de espalda que poden ocasionar.
13. Protocolo para actividades escolares de ANPAS LUGO- XORNADA INTERCULTURAL: 24 DE MAIO EN POL. ROTHERIO-XANTAR E XOGOS OU ACTIVIDADES.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 21:30

Secretaria

Montserrat Cabaneiro Rego

Vº e Prace o Presidenta

Isabel Calvete Carrera



Edificio Cvi Nodus Concello de Lugo
FAPACEL
21003 - Lugo
Teléfono 989 98 38 76

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 01 de maio de 2020 ás 19:00 horas en primeira convocatoria e ás 19:30 en segunda vía Skype, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte Orde do Día:

Asistentes:

- Isabel Calvete Carrera
- Dorotea Paz Cortiñas
- Raquel Hermida
- Javier Luaces Maira
- Montserrat Cabanello Rego
- Giovana Trelles
- Ainoha Seijas Castiñeira
- Elvira Lombao Vila

1. Estado de contas
2. Estado das subvencións e do convenio coa Diputación.
3. Actividades pendentes
4. Resultado da reunión co Concelleiro de Educación de Lugo cidade para centros de Educación Primaria.
5. Rogos e preguntas.

Desenvolvemento da reunión:

1. Estado de contas.
 - A día de hoxe 474 € con todos os pagos ó día, non constan deudas.
 - Tomouse a decisión de despedir de momento a Elvira, aínda que segue a colaborar con seu traballo na FAPACEL de maneira desinteresada.
 - Acórdase por unanimidade que se contratará a Elvira a xornada completa en canto a situación económica o permita con fin de compensar o traballo desempeñado.
2. Estado das subvencións e do convenio coa Diputación.
 - a) Convenios Diputación:

Tras consulta, feita por parte de Isabel Calvete á Diputación de Lugo, respecto á subvención pendente do exercicio anterior e á subvención deste ano, as respostas foron as seguintes:

 - a. A dotación da subvención pendente (2.000€) será ingresada ó longo deste ano.
 - b. Respecto ós 15.000€ do convenio coa Diputación de Lugo deste ano tamén aseguran o seu cobro. Aseguran información en 15 días.

Acordamos tratar de presentar a documentación co fin de cobrar o anticipo deste convenio.

Así mesmo, acórdase a solicitude da subvención nominativa da diputación.
 - b) Subvencións da Xunta de Galicia:
 - A subvención que solicita e coa que se sufragan gastos, como os desprazamentos e outros, non saíron de momento.

Acordamos solicitar a subvención referida na Orde do 11 de marzo do 2020 pola que se convocan axudas para financiar as actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado, e das



Edificio Cei Nodas Concello de Lugo
FAPACEL
Avda de Cervantes, 500
27003 - Lugo
Teléfono 609 98 38 76

asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial, no momento no que saía.

- En canto á de Igualdade temos noticias de maneira informal a través de Coro, debido á situación actual de Alarma derivada da Covid19 os procedementos administrativos están parados. Coro, de forma extraoficial solicitou enmenda da documentación de dita solicitude. A documentación así requirida adxuntouse ó expediente e en canto retomen a actividade na Delegación da Xunta en Lugo tramitáramos e informáramos.

3. Actividades pendentes e non realizadas pola Covid19:

- a. Acórdase que as actividades programadas e que non se levaron a cabo pola alarma derivada da Covid19 serán levalas a cabo todas no primeiro cuatrimestre do curso 2020-2021: as de igualdade nos meses de setembro, outubro e novembro e as do convenio da Diputación de Lugo dende setembro ata decembro do 2020, con fin de dar cumprimento ós prazos das axudas solicitadas.
- b. Acórdase o envío dunha circular ás ANPAs federadas, no que se lles comunique que as actividades adxudicadas para o último cuatrimestre do curso 2019-2020 e realizadas, se levarán a cabo no primeiro cuatrimestre do curso 2020-2021 para que revisen ditas actividades e as reubiquen nesas datas.

4. Resultado da reunión co Concelleiro de Educación de Lugo cidade para centros de Educación Primaria.

- a) A reunión asistirán Isabel Calvete e Dorotea Paz Cortiñas.
- b) Na reunión telemática estiveron presentes 5 ANPAs de Lugo cidade: Albeiros, Illa Verde, Casás, Anexa e Rosalía e tratouse a temática da situación actual relacionada coa Covid19.
- c) Tanto Isabel Calvete como Dorotea Paz Cortiñas manifestan que a súa percepción e de “descordinación entre a Consellería de educación e o Concello de Lugo”
- d) As asistentes comentan que na reunión tratáronse temas como a necesidade de intensificar a limpeza e desinfección nos centros ante a inminente incorporación das nenas e nenos e que debería de haber unha persoa no centro encargada da limpeza de maneira constante. E a necesidade de que nos centros se dispoña de xeles desinfectantes e máscaras de protección.

Así mesmo, tratouse a necesidade de tratar de mellorar a competencia dixital tanto de profesorado como do alumnado e familias, de cara ó próximo curso.

- e) Intercambio de ideas entre os asistentes á reunión da Xunta da Directiva da FAPACEL respecto ás medidas necesarias para afrontar a nova realidade derivada.
 - o Medidas hixiénicas obrigatorias a implementar nos centros. Que medidas e precaucións se van a implementar nas clases presenciais.
 - o Formación para o profesorado e alumnado en materia de hixiene.
 - o Ampliar dotacións económicas para acometer unha intensificación das tarefas de limpeza e desinfección nos centros. E implementar protocolos de limpeza e desinfección que contemplen toda a xornada.
 - o Quendas nos comedores que aseguren as distancias mínimas

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 06 de xuño de 2020 ás 20:30 horas en primeira convocatoria e ás 21:00 en segunda vía Skype, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte **Orde do Día**:

Asistentes:

- Isabel Calvete Carrera
- Dorotea Paz Cortiñas
- Montserrat Cabaneiro Rego
- Ainoha Seijas Castiñeira
- Elvira Lombao Vila

- | |
|--|
| 1. Lectura e aprobación da acta anterior |
| 2. Estado de contas |
| 3. Proposta de modificación de cuotas dos socios e domiciliación dos recibos |
| 4. Elaboración de unha base de datos das Anpas asociadas e libro de socias |
| 5. Proposta de Cogami |
| 6. Escrito do rural |

Desenvolvemento da reunión:

1. Aprobación da acta anterior: aprobada
2. Estado de contas: 361, 59 €
3. Proposta de modificación de cuotas dos socios e domiciliación dos recibos: as cuotas actualmente están diferenciadas por número de alumnos no centro. Proponse e acórdase unificar a 85 € todas as cuotas, isto haberá que levalo a Asamblea e faríase efectivo no curso 2021-2022.
Proponse informar ás ANPAS dos traballos, informes e escritos presentados co fin de que se valore o traballo.
4. Proponse facer unha Base de Datos: Enviarase na carta de comunicación do pago das cuotas ás ANPAS para o curso 2020-2021 e acordamos incluír un documento para pedir número de conta co fin de domiciliar as cuotas das ANPAS. Así mesmo, solicitaranse os seguintes datos: CIF, datos do presidente.
En setembro proponse solicitar certificación cos datos da Xunta Directiva con contactos.
Falamos de facer libro de socios, non se dispoñeste. Según vaian pagando iranse asentando no mesmo asignándolle un número de socio para que quede así fixo para o sucesivo.
5. Proposta de COGAMI: proponse colaboración coa asociación COGAMI e propoñer actividades ás ANPAS a partir de xaneiro.
Dado que convén un traballo previo dos profesores coas crianzas para preparar dita actividade solicitarase a COGAMI unha guía previa de que necesidades e preparación é convinte.
6. Datos do rural: poucas ANPAS respostaron.
7. Rogos e preguntas:
 - a. ANPA CARBALLEDO ve peligrar dous profesores e piden consello, informou dos pasos a dar Isabel. Teñen o apoio do Concello e do colexio. Van enviar escrito á Xefa Territorial en principio.

- b. Chamou á Federación unha representante de NENEA, para que a FAPACEL apoiase un proxecto para facer un CRA (teñen unha escola unitaria), tratándose dunha proposta de índole privadaa Xunta Directiva da FAPACEL decide por unanimidade desvincularse de dito proxecto.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22:15

Secretaria

Montserrat Cabaneiro Rego

Vº e Prace o Presidenta

Isabel Calvete Carrera

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

Asistentes:

Isabel Calvete Carrera

M^a Pilar Veiga Rodríguez

Elvira Lombao Vila

Raquel Hermida

Manzaneque

Dorotea Paz Cortiñas

Ainhoa Seijas Castiñeira

O 20 de xullo 2020 ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
2. DOMICILIACIÓN RECIBOS.
3. SUBVENCÍONS.
4. POSTURA ANTE AS MOBILIZACIÓNS.
5. CAMPAÑA DO RURAL.
6. POSTURA ANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
CURSO 2020-2021

Comeza a sesión ás 20:30 horas

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Apróbase a acta anterior por unanimidade.

2. DOMICILIACIÓN RECIBOS.

Adela, a tesoureira encargárase da domiciliación dos recibos do pago da cota de socio/a das ANPAS.

3. SUBVENCIONES.

- **Subvención de Igualdade:** Está denegada. As guías de igualdade pódense incluír na subvención da Deputación. Débese revisar os orzamentos da charlas para estudar a viabilidade.
- **Subvención Xunta:** A documentación está presentada aínda que non hai notificación de si está aprobada ou denegada.
- **Subvención Deputación:** A documentación está presentada. Faltan por ingresarnos 2000€.

4. POSTURA ANTE AS MOBILIZACIÓNS.

Ante o rexeitamento dos protocolos de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitarios de Galiza para o curso 2020-2021 elaborados pola Consellería de Educación, propónse:

- a) Mobilizacións en Santiago de Compostela convocadas polos sindicatos que forman parte da mesa sectorial de educación. Inicialmente a data para realizalas era en setembro 2020 pero adiantase esta convocatoria para o vindeiro mércores 22 de xullo 2020. Dende a Confederación de Anpas Galegas e dende Fapacel apoiamos estas mobilizacións sempre e cando se garantan as medidas hixiénico sanitarias axeitadas.
- b) Iniciativa ANPA Muimenta: Ante a desconformidade do protocolo sanitario da Xunta propoñen facer unha campaña virtual para mostrar a nosa desconformidade. Consiste en facer unha foto cunha pancarta reivindicando o que consideremos oportuno e colgala nas redes sociais dende o día 22 ata o 28 de xullo de 2020, coincidindo coa campaña de mobilizacións promovida polos sindicatos polo mesmo motivo.

5. CAMPAÑA DO RURAL.

Seguimos facendo cartaces para a campaña do rural.
Prégase máxima difusión nas redes sociais.

6. POSTURA ANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2020-2021.

Dende a Federación desaconséllase as ANPAS organizar actividades extraescolares para o curso 2020-2021.

As actividades extraescolares deberanse aprobar polo equipo COVID 19 do centro educativo.

7. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 21:30h.

A Vicesecretaria

A Presidenta

Asdo.Ainhoa Seijas Castiñeira

Asdo. Isabel Calvete Carrera

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 19 de agosto de 2020 ás 20:30 horas en primeira convocatoria e ás 21:00 en segunda vía Skype, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte **Orde do Día**:

Asistentes:

- Isabel Calvete Carrera
- Dorotea Paz Cortiñas
- Montserrat Cabaneiro Rego
- Ainoha Seijas Castiñeira
- Raquel Hermida
- Elvira Lombao Vila
- Pilar Veiga
- Javier Luaces Maira
- **Adela**

- | |
|--|
| 1. Lectura e |
| aprobación da acta anterior |
| 2. Estado de |
| Contas |
| 3. Organización |
| Asamblea con ANPAS asociadas |
| 4. Cambios na |
| directiva por baixas e elección de Vicepresidente ou |
| Vicepresidenta |

Desenvolvemento da reunión:

1. Aprobación da acta anterior: aprobada
2. Estado de cuentas: saldo conta 4.044 €
3. Organización Asambleas por videoconferencia: decídese organizar Asambleas por grupos de ANPAs asociadas para ver o que se vai a facer como medida reivindicativa antes do inicio do curso ó respecto das medidas derivadas da Covid19. Quedan fixadas así:
 - Mariña: luns 240820 a las 19: 30 (Asistirán como representantes da FAPACEL: Isabel, Raquel, Giovana e Elvira)
 - Montaña-Lugo Sur martes 250820 20:00 (Asistirán como representantes da FAPACEL: Isabel, Pilar Veiga, Ainoha, Marisa, Elvira convocarase á representante de Friol)
 - Lugo cidade mércores 260820 a las 20:00 (Asistirán como representantes da FAPACEL: Javier, Doris, Elvira e Isa)
 - Terra-Chá e demais ANPAS: xoves 270820 a las 20:00 (Asistirán como representantes da FAPACEL: Isa, Elvira, Montse)

Nas assembleas plantexarase si queren facer algún tipo de mobilización, que tipo de mobilización e aclarar as reivindicacións que se van a facer.

Postura unánime da directiva é que se debe reclamar unha escolarización segura e medios para esto.

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

Asistentes: O 28 de agosto de 2020 ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Isabel Calvete Carrera

M^a Pilar

Adela Soler Quiroga

Montse

Raquel Hermida

Elvira Lombao Vila

Ainhoa Seijas Castiñeira

Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
2. ESTADO DE CONTAS.
3. SUBVENCIÓN MURAS
4. CONCLUSIÓNS ASAMBLEAS
5. ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE.

Comeza a sesión ás 20:00 horas

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a Acta da xuntanza anterior.

2. ESTADO DE CONTAS.

A Deputación aceptou os últimos papeis que se enviaron para a subvención. No prazo dunha semana aproximadamente ingresarán 2000€.

Hoxe ingresouse a nómina de Elvira.

3. **SUBVENCIÓN MURAS.**

Froilán aportou 1000€ como adianto do pago para a realización das xornadas no rural no concello de Muras.

O 31 de decembro 2019, Elvira aportou ao concello de Muras toda a documentación para a subvección nominativa e esta semana enviouse un mail para saber na situación que se atopa o trámite xa a que ata a data de hoxe o concello non aboou ningún importe.

As facturas das xornadas están todas pagadas, **e asentadas na contabilidade así como tamén esta asentado o prestamo** . No suposto caso de que o concello de Muras non ingrese o importe, deberáse levar este tema a Asamblea Xeral **e que sexa a asemblea a que decida como resolver esta situación e como facer para devolver eses 1000€** e correxir a contabilidade do 2019.

No caso de que a Federación teña que aboar os 1000€ que se deben a Froilán **poderase facer a prazos se a asemblea así o decide**

4. **CONCLUSIÓN DAS ASEMBLEAS.**

As Assembleas coas Anpas asociadas foron moi semellantes, a maioría tiñan as mesmas inquedanzas. Percibiuse que as Anpas da Mariña eran máis participativas.

Por unanimidade, están a favor de clases presenciais pero con tódalas garantías de seguridade. Amosan moita preocupación por cómo se van desenvolver o transporte e o comedor e manifestan que as nais e pais amosan pouco interese nestes momentos tan complicados.

As medidas conxuntas que se van adoitar son:

1. Facer mini-guías para que os nenos e nenas saiban que deben facer unha vez que volten das aulas. Estas guías as fará o Colexio de enfermería.
2. Facer cartaces con frases curtas para difundir nas redes sociais. Empezarán as Anpas da Mariña.

3. Enviar a Xunta por sede electrónica ou por rexistro e aos medios de comunicación unha carta tipo firmada pola Anpa ou polas familias. Empregaráse unha carta xa feita pola Confederación de Anpas Galegas na que se completará a parte final coas reivindicacións.

Ningunha Anpa plantexou manifestación presencial, a situación sanitaria que estamos a vivir non o permite.

5. **ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE.**

- a) Competencias dixitais: Taller dirixido a nais/pais e alumnado. Adela queda encargada de falar con Leticia para aclarar algunhas dúbidas que xurden do presuposto.
- b) Educación emocional.
- c) Educar na diversidade.
- d) Identidade de xénero.

6. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Dende FAPACEL apoiamos o manifesto do Colexio de Enfermería no que se pide a presenza dunha enfermeira ou enfermeiro nos centros educativos.

Elvira queda encargada de enviarlles a contestación.

Dende ANPAS GALEGAS propoñen facer un regulamento interno e estatutos para que tódalas ANPAS traballemos na mesma línea.

Plantéxase que se algunha directiva dalgún centro educativo non quere enviar o protocolo ás familias, debe haber algunha canle de comunicación con éstas.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22h.

A Secretaria

A Presidenta

Asdo. Ainhoa Seijas Castiñeira

Asdo. Isabel Calvete Carrera

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 30 de setembro de 2020 ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR
2. ESTADO DE CONTAS
3. TRANSPORTE ESCOLAR
4. ACTIVIDADES FAPACEL
5. CAMPAÑA SOMOS RURAL
6. PANCARTAS
7. PROPOSTA CONCELLERÍA EDUCACIÓN LUGO: VIEIROS SEGUROS
8. RESUMO XUNTANZA CONSELLEIRO ROMÁN RODRÍGUEZ
9. REPARTO MATERIAL ANPAS
10. CONCURSO NADAL
11. REDES SOCIAIS
12. ROGOS E PREGUNTAS

Comeza a sesión ás 20:30 horas

1 APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a Acta da xuntanza anterior.

2 ESTADO DE CONTAS.

Actualmente temos na conta 2500€. Estase preparando o convenio coa deputación. Enviouse un escrito ao concello de Muras un escrito para saber no punto que se encontraba a subvención que está pendente de pago pero aínda non contestaron.

3 TRANSPORTE ESCOLAR.

Isabel queda encargada de facer un estudo para saber como se desenvolve o transporte escolar para o alumnado de FP e bacharelato en toda Galiza. Enviouse un escrito ao Xefe Territorial de transporte pero como non contestou enviouse ao Delegado da Xunta de Lugo.

4 ACTIVIDADES FAPACEL.

A maioría das Anpas solicitaron as actividades para o 3º trimestre. O gasto ata agora ascende a 7500€, xunto cos gastos das guías e das nóminas de Elvira serán suficientes para xustificar a subvención. Acórdamos fixar data para empezar a formación da Directiva en competencias dixitais. Comezaremos o 13 de outubro 2020 e as seguintes sesións serán os luns ás 21h.

5 CAMPAÑA SOMOS RURAL.

En 15 días retomarase a campaña somos rural. Fíxose un parón pola situación do comezo do curso. A Deputación editará un libro con tódalas colaboracións que publicárase o vindeiro ano. A iniciativa será de Anpas Galegas que tamén propoñen facer unha web para o rural e dar continuidade a esta campaña de forma semellante pero con colaboracións musicais.

6 PANCARTAS.

Acórdase pedir presuposto para facer pancartas pequenas e outra de maior tamaño co logo de FAPACEL. Estúdase a viabilidade de incluílo como gasto para a

subvención da Xunta.

7 PROPOSTA CONCELLERÍA EDUCACIÓN LUGO. VIEIROS SEGUROS.

Xurde unha iniciativa dende o concello de Lugo para solucionar o problema que teñen de aglomeración de xente na entrada e saída dos centros educativos. Propoñen facer puntos de encontros, sin romper os grupos estables, donde estén encargados dous o tres nais/pais dos nenos/as dun curso e levalos al centro educativo.

Farase unha proba no CEIP Luis Pimentel despois do San Froilán.

Dende FAPACEL tasladarase ás anpas de Lugo cidade.

8 RESUMO CONSELLEIRO EDUCACIÓN ROMÁN RODRÍGUEZ

A xuntanza entre membros da directiva de Anpas Galegas e o Conselleiro Román Rodríguez foi moi cordial. Mostrouse empático e con ganas de traballar conxuntamente, propuxo facer unha xuntanza mensual con Anpas Galegas.

9 REPARTO MATERIAIS ANPAS ASOCIADAS.

Acórdase repartir os materiais para as Anpas asociadas (que teñan a cota de socio deste curso pagada) entre os membros da directiva coa finalidade de evitar gastos de envío. No caso de non chegar a tódalas Anpas enviarase por mensaxería.

10 CONCURSO NADAL

Este ano seguirase apostando para o concurso de nadal por enviar postais navieñas, fotografías o debuxos. Suxírese a novidade de introducir a categoría de relatos curtos, nese caso hai que buscar xurado. Queda pendente mirar fechas para a convocatoria do concurso.

11 REDES SOCIAIS

FAPACEL tamén se actualiza, acabamos de abrir unha conta da Federación en Instagram.

12 ROGOS E PREGUNTAS

Non hai rogos nin preguntas, sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22h.

A Secretaria

A Presidenta

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA 25-N DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 25 de novembro de 2020 ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30h en segunda, reúnese a XuntaDirectiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR
2. ESTADO DE CONTAS
3. ACTIVIDADES DO 2º E 3º TRIMESTRE.
4. ORGANIZACIÓN DO TRABALLO DENTRO DA FEDERACIÓN.
5. ENQUISA
6. ROGOS E PREGUNTAS.

Comeza a sesión ás 20:50h

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Queda aprobada a acta por unanimidade.

2. ESTADO DE CONTAS

Nestes intres tras facer o balance anual da Federación as cifras son as seguintes:

-gastos 2020: 17899,09€

-ingresos 2020: 7536,15€

O balance anual e negativo: -10362,94€

Aínda non ingresaron o adianto da subvención da deputación, se non aboan o importe antes do 20 de decembro, Isabel Calvete (presidenta da Federación) fará un adianto de 10.000€ que a Federación devolverá tan pronto como ingresen o importe das subvencións.

Para evitar nun futuro estar nesta mesma situación económica e ter un remanente para facer fronte aos gastos non subvencionables (gastos bancarios, o 5% do importe das subvencións, cota da Confederación Anpas Galegas.....) propónse as seguintes suxestións:

1. Pasar unha cota extraordinaria ás ANPAS asociadas coa finalidade de ter un remanente suficiente para os gastos non subvencionables. (Esta idea plantexa dúbidas de cómo reaccionarán as ANPAS).
2. Presentarse a concursos como AGADER, Carrefour, Amancio Ortega.... coa finalidade de obter algún premio remunerado economicamente. (Pendente de buscar información).

3. ACTIVIDADES DO 2º E 3º TRIMESTRE.

Para unha mellor organización e traballo en grupo, vaise subir un documento ao Google Drive dedicado a organización das actividades e poder así aportar ideas. As liñas de traballo serán:

1. IGUALDADE
2. INCLUSIÓN
3. DEFENSA DA NATUREZA
4. TRADICIÓN
5. XESTIÓN DE ANPAS
6. DIVERSIDADE
7. EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL

8. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

9. COMPETENCIAS DIXITAIS

Na oferta das actividades aparecerá especificado si a realización da actividade será presencial, telemática ou ambas.

Xurde un novo proxecto ao que chamamos “TECENDO REDES”. A idea é de amosar cada anpa a súa zona e dar a coñecer lugares de interese para facer actividades cos nenos/as e crear así redes de traballo e sociais entre as ANPAS socias da FAPACEL

4. ORGANIZACIÓN DO TRABALLO DENTRO DA FEDERACIÓN.

Proponse facer grupos de 2 ou 3 persoas para traballar conxuntamente. Subirase ao Google Drive os temas a traballar e anotámonos na actividade que imos a realizar.

1. LEY EDUCACIÓN

2. TECENDO REDES

3. ACTIVIDADES

4. CONCURSOS PARA RECADAR FONDOS

5. CONCURSO NADAL 2020. (Casi todo listo, pendentes de confirmación da posibilidade de realizalo, só falta hora e xurado).

5. ENQUISA

Enviarase a enquisa de valoración das actividades realizadas no 3º trimestre a tódalas ANPAS, a partir do 18 de decembro 2020.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Hai dúas datas importantes : 10 e 17 de decembro de 2020. Lembrade que terán lugar dúas charlas organizadas pola Confederación e a Federación.

1. Protocolo de identidade de xénero .

2. Diversidade.

Sen máis temas a tratar, remata a sesión ás 23:30h.

A secretaria
Asdo.Ainhua

A Presidenta

**ACTAS DE
XUNTANZAS COAS
ANPAS**

Asamblea ANPAS LUGO-SUR E MONTAÑA LUCENSE 25/08/2020 20.00

ASISTENTES

FAPACEL: ISABEL , ELVIRA, AINHOA, ADELA

ANPAS :IES MONTERROSO, CPI FRIOL, CEIP PALAS DE REI, CEIP CARBALLEDO, CEIP PORTOMARIN, CEIP MONTERROSO, CPI CERVANTES, CPI COUREL, CEIP BECERREA, CPI INCIO

Empeza Ainhoa dando as grazas a todas pola súa asistencia.

Isabel explica un pouco o motivo desta xuntaza e como esta o tema de inicio de curso escolar con tema da COVID-19.

Abrese turno de intervencións::

1. ANPA PALAS DE REI. Avoga por darlles unha solución as familias que non queiran levar as súas fillas as clases. Dificultades para as extraescolares. Moitas dúbidas
2. ANPA DE CARBALLEDO. Cree fundamental o cole presencial. Os coles estan esperando a informacion do Ministerio que se lavou as mans igual que a Xunta. Os profes non teñen porque asumir tantas responsabilidades. Informa as famillias de todo o que a Fapacel envia pero ninguén lle contestou. No transporte non cre que haxa problemas o ser poucas nenas no cole.
3. ANPA DE MONTERROSO. Medo, inseguridade, cooperación e unión. Pouca información por parte dos coles. Dudas sobre transporte. Medo por parte do profesorado por falta de información. Podíanse usar edificios temporais do concello que estiveran vacíos. Debiamos pedir enfermeros nos coles ou polo menos compartidos. Faltan cursos de educación dixital.
4. ANPA DE FRIOL. Avoga pola presencialidade. En algúns curso (ESO) podería ser mixta. Aínda que habería dificultades por tema de conciliación e pola fenda dixital Preocupación polo transporte, polo comedor.... Non van facer actividades extraescolares por tema de responsabilidade e porque ven moi complicado cumprir os protocolos.
5. ANPA DE PORTOMARIN. Clases presenciais. Piden que se debería ser máis flexibles nos protocolos pois os coles do rural non teñen os mesmos problemas que os coles do rural , por exemplo de espazo, pois eles con 33 nenos poden manter as aulas “burbulla” Medo das familias con nenos ou familiares en risco. Reforzo na limpeza , van presentar un escrito o concello. A responsabilidade sanitaria non pode recaer nos

pais e no profesorado. Enfermeiros nos centros ou polo menos que os dos centros de saúde se pasen polos coles.

6. ANPA COUREL. 33 alumnos. Mandaronlles do centro o borrador do protocolo que estan preparando. O das aulas “burbulla” non ten sentido se despois nos autobuses van ir mezclados. Preocupa a limpeza no centro e tamen a desidida das familias.
7. (Maria)..... A responsabilidade é toda da Xunta non pode recaer en pais e profesorado. Os coles deben facer o seu protocolo partindo de un bo protocolo da Admon
8. ANPA DO INCIO. Preocupación polo transporte. As familias enviaselles información pero non se pronunciaron. Os profesores vanse preocupar de cumprir protocolos pero despois os nenos vanse mezclar nos autobuses e nas súas propias familias. Non van facer extraescolares vanlle pedir o concello que se encarguen eles. A limpeza vaise encargar o concello.
9. ANPA IES MONTERROSO. Os transportados dos IES non teñen acompañante así que verase como se organizan no autobus.
10. ANPA BECERREA. Enviouse todas as publicacións as familias pero non contestaron. Tema moi importante: saber como facer ben o lavado de mans e desinfección

Planteouse a posibilidade non levar os nenos a clases durante uns días como medida de presión pero desbotouse por se unha medida que ou se fai de forma máxima ou non tería eficacia, e de forma masiva e moi difícil que os pais o fagan

Saiu a posibilidade de falar cos colexios de médicos ou enfermeiras para que elaboren unha guía de boas practicas ante a COVID

Sae tamén a posibilidade de envío masivo de cartas a conselleria

Asamblea ANPAS LUGO CIDADE 27/08/2020 20.00

ASISTENTES

FAPACEL: ISABEL , ELVIRA, AINHOA, MONTSE, JAVIER, DORIS

ANPAS :CEIP CASAS, CEIP AS MERCEDES, CEIP ANEXA, CEIP A PONTE, CEIP ANXEL FOLE, CEIP ROSALIA DE CASTRO, CEIP ILLA VERDE, IES ANXEL FOLE, CEIP MENENDEZ PELAYO, IES SANXILLAO, CEIP LUIS PIMENTEL, CEIP ALBEIROS, CEIP SAGRADO CORAZON

A anpa do IES OLLOS GRANDES non pode asisitir mais envía o seguinte texto.”

Ola, teño difícil asistir. Por si non puidera, aportarei que dende as administracións, deben buscar medidas algunhas homoxéneas (pasillo entrada, saída, baños ,etc) máis tamén medidas individualizadas segundo os Centros e núm.de alumnado....non é o mesmo aulas de centros antigos que son tremendamente escasas e que por riba non hai maneira física de engadir aulas , centros que contan con ratios de estudantado por aula sen Covid-19 saturados, e que fará moi difícil a seguridade sanitaria na actual situación,etc. Penso que pode ser moi importante solicitar a Administración medidas "individualizadas" contemplando as características de cada Centro educativo”

Isabel explica un pouco o motivo desta xuntaza e como esta o tema de inicio de curso escolar con tema da COVID-19.

Abrese turno de intervencións::

1. ANPA ANXEL FOLE ELIMAR , Coas ratios de 25 alumnos en inverno vai ser moi difícil ventilar a aula para evitar os contaxios. Abriranse os coles 2 ou 3 semanas e despois pecharan todo. Clases presenciais. Poderíanse utilizar espazos alternativos. **Apoian la educación presencial.**
2. ANPA ILLA VERDE. DORIS. O protocolo é moi aberto. As familias están moi impacientes. Preocupacións que recollemos: entradas e saídas, recreos, merendas na clase, cortar a circulación das rúas para entradas e saídas, comedor, baños, clases de educación física, cambios de aulas, que facer coas máscaras, extraescolares. Pediran unha xuntanza co director para trasladarlle estas dúbidas. **Piden un planteamiento común a todos. Apoian las clases presenciales.**
3. ANPA CASAS. SARA. Preocupación polo comedor, pois teran que facer 4 turnos. Van facer 2 turnos de entradas e 2 turnos de saídas. Infantil non podera manter a distancia de seguridade. A anpa non vai facer extraescolares. Colaboración nula por parte das familias

4. ANPA MENENDEZ PELAYO. PABLO. Chegamos moi tarde. Preocupación polas extraescolares. Intentar tomar unha decisión conxunta entre todas as anpas da cidade. Sen extraescolares algo habería que facer para conciliar. Parece que imos facer unha carreira en 10 días. Poderían usarse espazos alternativos e baleiros. As PCR do profesorado non serven de nada. Autocritica como anpas por non facer nada durante o vran.
5. ANPA ANEXA. MARIA. O cole da Anexa xa ten o plan COVID preparado e xa llo presentaron a anpa. Van facer a entrada e saía por varias portas. Baños diferenciados. Merendas na clase. Obrigatoriedade das máscaras. O seu comedor non ten ventilación. Retrarsar o inicio das clases non ten sentido pois o virus vai seguir existindo. Poderíanse utilizar espazos baleiros pero non hai profesorado para eses espazos. Semipresencial por días. Movilizacións **presenciais** non. **Avogan por un ensino presencial ou semipresencial, en ningún caso virtual.**
6. ANPA SAN XILLAO. BENIGNO. As anpas non temos capacidade executoria pero si de petición. No Sanxillao non tiveron comunicación coa dirección. Antes de rematar o curso si lle ofreceron a dirección a posibilidade de traballar de forma conxunta pero non quixeron ata que a Admon non lles dixese como. No IES non teñen espazos baleiros, non se pode garantir a distancia mínima. Poderíanse facer clases semipresenciais, pero para eso hai que dotar as aulas de material audiovisual. Teríannos que contar como están as cousas. Deberíase recuperar o último trimestre do curso pasado. **Os pais teñen que exixir unha resposta.**
7. ANPA DO SAN XILLAO. JAVIER. A xunta tivo meses para facelo ben. Medios existen pero non queren gastar cartos. Debemos pensar que valoramos mais se a saúde dos nosos fillos e familias ou a educación. Clases semipresenciais ou turnos de tarde. Como será a limpeza? Temos que protestar porque tiveron tempo a facelas ben e non o fixeron.
8. ANPA SAN XILLAO. VITOR. Posibilidade de adaptación curricular ás circunstancias actuais.
9. ANPA ALBEIROS. LOIS. A dirección do seu centro non tivo ningunha comunicación con eles, algo habitual no seu centro. Dúvidas sobre ensino presencial ou online. Mais capacitación do profesorado. Actividades extraescolares imposibles por espazo. Non ten sentido aulas burbulla e despois actividades extraescolares. Reprocharlle a consellería a súa unilateralidade e falta de diálogo, que faga un único protocolo para todos os coles, improvisación total. Vai ser un curso con moitos altos e baixos. **(yo apunté que un único protocolo non vale para todos os coles).**
10. ANPA ROSALIA DE CASTRO. MARTIN. A volta a clases esta a ser improvisado. Van falar coa dirección para apoialos e axudalos no que sexa preciso. Cortar as rúas parece axeitado. Ofertaran extraescolares. Incentivar as clases o aire libre. Pola tarde en lugar de extraescolares podíanse facer outras actividades uníndose todas as anpas da cidade ou mesmo ofertandoas a Fapacel. Reforzo sanitario nos coles (enfermeiros). Garantir o suministros de produtos de desinfección.

11. ANPA A PONTE. PACO. O inicio de curso esta moi no aire. O longo do curso irase modificando todo. Apoiar as direccións e esixir que se cumplan as medidas sanitarias.
12. ANPA AS MERCEDES. OSCAR. Facer extraescolares vai ser moi difícil. Non se sabe nada da limpeza, nin do profesorado, nin de enfermeiros. Como serán as limpeza pola tarde? Que se faga extraescolares vai depender da comisión COVID. Esa comisión empezara a súa formación a partires do día 2. Pesimista. Reivindicar e presionar como anpas todo o que poidamos. O protocolo é moi aberto e deixa todo na mans das direccións. **Considera que é imposíbel dar á vez clase presencial e virtual. Cree que o profesorado estase esforzando para facer algo conxunto a través da aula web, aula virtual e Abalar. Os pais debemos presionar e reivindicar. El centro vai comprar mascarillas para os alumnos diferenciadas por días.**

Asamblea ANPAS DA MARIÑA LUCENSE 24/08/2020 19:30

ASISTENTES

FAPACEL: ISABEL , ELVIRA, GEOVANA Y RAQUEL

ANPAS DA MARIÑA LUCENSE: ANPA XOVE, ANPA DE MURAS, ANPA SANTA MARÍA DO VALADOURO, O CANTEL DE FOZ, ANPA DE NOIS, ANPA PENÍNSULA DE LA PAZ, ANPA DE COVAS, ANPA MARQUÉS DE SARGADELOS, ANPA VISTA ALEGRE, ANPA DE CERVO, ANPA CASTRO DE OURO ALFOZ, ANPA IES ALFOZ VALADOURO, ANPA RIBADEO, ANPA VIRXEN DO CARME, ANPA O CANTEL DE FOZ

Empeza Raquel dando as grazas a todas pola súa asistencia.

Isabel explica un pouco o motivo desta xuntaza e como esta o tema de inicio de curso escolar con tema da COVID-19.

Abrese turno de intervencións::

1. ANPA CERVO. Difundiron a información que enviou a Fapacel, queixanse da pasividade dos pais. **Consideran que estase deixando todo nas mans das directivas .O protocolo e miserábel e o califican como tomada de pelo.**
2. ANPA DE COVAS. As familias están a marxe, non é cuestión dos profesores facer funcións de sanitarios. A aula “burbulla” non é segura polo que é mellor non enviar os alumnos o cole. **Queren poder decidir si envían os nenos o cole.**
3. Anpa MURAS. Jenny. Non lles afectan os problemas de ratio están máis preocupadas pola folga do profesorado. Apoiarían as accións que se decidan levar adiante
4. ANPA IES ALFOZ VALADOURO. Helena. Preocupación pola ratio de alumnos e a favor da presencialidade. **Non teñen en conta os coles do rural**
5. ANPA COLE DE RIBADEO. Queixanse de que están solas desde marzo, que contan con 400 alumnos. Propostas:
 - a. Que se contraten máis profesores para facer desdobles nas aulas.
 - b. Mamparas antes que mascarar
 - c. queren volver as aulas a pesar dos posibles “brotes”.
 - d. Queren que o curriculum se adapte para educación online.

A PANDEMIA ROMPEU A VIDA SOCIAL DOS NENOS E ÍMOLLELA DEVOLVER ENCARCELADOS.
Pide que se impliquen os colexios. Que a educación a distancia sexa uniforme.
6. ANPA Ceip o Valadouro. Acaban de reincorporar a nova directiva e comentan que todo o que poidan aportar van facer. **Que apoian o que decidamos.**
7. ANPA Castro de Ouro. Rosana. A importancia de relacionarse, socializar. Deberíanse mandar os nenos do mesmo concello o cole dese concello. **Ningún pai se queixou. Queren educación presencial, sobre todo os NEAE. Propone que se utilicen os coles do rural.**
8. ANPA Virxen do Carme. Eva. Realmente hai un problema de desinterés, de desinformación y moi poca gana por parte dos pais. Moi importante as competencias que ten a súa anpa con respecto ó comedor.

- Si nos vemos confinados de novo teriamos que estar preparadas
9. ANPA PENÍNSULA DE LA PAZ. Confiar nas alulas “burbulla; na limpeza das manillas, pasamanos, picaportes...
 10. PEDRO CASELLE. O manifesto que se envia dende a Confederación parecelles perfecto. **No tienen contacto con el cole. Xestionan actividades extraescolares..**
 11. ANPA COLE CERVO. Luz, preocupación polo transporte xa que elas teñen contratados autobuses. **Apuestan pola presencialidade pero se ten que ser semipresencial ten que mellorar a comunicación co colexio.**
 12. ANPA MARQUÉS DE SARGADELOS. Luján,
 - a. Protocolo ok
 - b. Ensino presencial
 - c. Dudas sobre o transporte escolar
 - d. Limpeza de centros.
 13. ANPA VISTA ALEGRE. Verónica
 - a. Desinformación por parte dos profesores.
 - b. O aforo dos buses é do 100%
 - c. Acordaron non facer actividades e non ter bus.

Teñen sitio para os desdobres
 14. ANPA RIBADEO. Ana. Comenta sobre a responsabilidade da ANPAS sobre todo dos presidentes, dice que os seguros van protexernos da Covid. Que se nos ampare para evitar romper coa conciliación. Sobre o transporte comenta que as empresas asumen o protocolo que teñen. **Propoñen seguir traballando pola conciliación e que a Fapacel faga o mesmo**
 15. ANPA MURAS. Jenny. Tien 10 nenos, comedor da xunta, non saben nada sobre o tema de transporte, ni a limpeza del centro, como son poucos alumnos comenta que elas non van tener problemas para facer as actividades.

Coméntase non organizar ningunha reivindicación presencial Coméntábase facer microconcentracións diante dos centros pero desbótase a idea.

Envío masivo de cartas á consellería por parte das anpas e das familias. Enviárase dende FAPACEL unha carta tipo

Facer unhas mensaxes tipo tarxeta que sexan chamativos para moveilos polas redes sociais. **A proposta da anpa de Cervo.**

Tamén propónse a recollida de firmas.

Conclusións das asembleas virtuais mantidas coas anpas asociadas na semana do 24 o 28 de agosto do 2020.

Dividimos as anpas asociadas en catro grupos para poder desenvolver as asembleas de forma eficaz. Estes grupos foron :

- A Mariña
- Lugo Sur-Montaña
- Lugo cidade
- Lugo centro

A meirande parte dos representantes das anpas avogaron por un ensino presencial coa total seguridade para o alumnado.

Destacou a importancia que ten o ensino presencial para a saúde emocional das nenas e nenos.

Preocupa a organización dos comedores e do transporte escolar.

Tamén preocupa como se vai resolver o problema da conciliación se non se organizan actividades extraescolares.

A meirande parte non teñen intención de organizar actividades extraescolares .

As Anpas da zona rural destacaron a falta de garantías e de medios (fenda dixital) para poder desenvolver un ensino virtual.Non a ven posíbel nas mesmas condicións co último trimestre do curso anterior.

Os coles urbanos non ven posibles os desdobres tanto pola falta de profesorado,como de espacio como de alternativas para a conciliación.

Inciden na necesidade de manifestarse en contra do protocolo por parte das familias pero desbotamos a posibilidade de calquera acto presencial dadas as actuais condicións.

As medidas acordadas foron:

- Envío masivo de cartas o presidente da Xunta cun único modelo
- Campaña para as redes sociais con frases cortas sobre os puntos máis problemáticos do protocolo.Seguindo a campaña #aulasencovid.
- Preparar un video onde se represente o absurdo do protocolo

Tamén se acordou buscar unhas guías de pautas a seguir nas casas unha vez cheguen do colexio. A Fapacel encargárase desto.

ESCRITOS ENVIADOS AS ADMINISTRACIONES

Estimado Xefe Territorial de infraestructuras e mobilidade de Lugo :

Dende a federación FAPACEL, diríxome a vostede para solicitar unha aclaración sobre un punto do protocolo de transporte escolar a petición de varias anpas asociadas a nós.

A duda é que na “Resolución do 4 de setembro de 2020 pola que se aproba o Protocolo de medidas preventivas ante o COVID-19 nos servizos de transporte público regular de uso xeral con reserva de prazas a favor de estudantes para o curso 2020- 2021” no punto 3.4. Medidas durante a saída do bus no seu apartado :

d) Os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación do mesmo antes de cada quenda de usuarios; e sempre que fose posible á súa limpeza e desinfección por persoal de limpeza formado para isto , que como mínimo será diaria, cos produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

E na “ORDE do 6 de maio do 2020 pola que se aproba as medidas a aplicar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia”

Artigo 8. Medidas en relación aos vehículos e embarcacións.

1. Os vehículos e embarcacións limpanse o longo do día, sendo recomendable que esa limpeza se realice cada cambio de turno, e limpiaranse e desinfectaranse completamente, al menos, unha vez o día. Ademais, sempre que sexa posible, manteranse ventilados de xeito natural.

Según estes parágrafos esa limpeza e desinfección vai condicionada a que exista a posibilidade de facela.

Polo exposto, SOLICITO:

Unha aclaración sobre si se están a facer estes traballos de limpeza e desinfección entre as viaxes en diferentes quendas dos transportes compartidos.

Reciba un cordial saúdo

Isabel Calvete

Presidenta da FAPACEL

XEFATURA TERRITORIAL DE INFRAESTRUCTURAS E MOBILIDADE EN LUGO

Presidenta de Fapacel
Edificio Cei Nodus Concello de Lugo
Avda. De A Coruña, 500
27003 Lugo

En relación co seu escrito enviado por correo electrónico a esta xefatura territorial, con data 24 de novembro, no que solicita aclaración sobre un punto do protocolo de transporte escolar, referente á desinfección e ventilación dos vehículos que realizan o transporte público regular con reserva de praza a favor de escolares, comunícolle que dende esta consellería se deron as oportunas instrucións aos concesionarios dos contratos dos servizos de transporte, co fin de que procedan á aplicación das medidas contempladas no mencionado protocolo, co obxectivo de protexer e previr o máximo posible o contaxio por COVID-19 entre os usuarios do transporte público.

Lugo, 1 de decembro de 2020

A xefa territorial

Xefatura Territorial infraestructuras e mobilidade de Lugo:

Dende a Federación ,FAPACEL,e ante a situación de incerteza en materia educativa que estamos a vivir,queremoslle pedir que ,na medida do posible,nos aclare as condicións nas que os alumnos usuarios do transporte escolar vanse incorporar á normalidade educativa.

As cuestións que preocupan ás familias son as seguintes:

- Como se van manter as distancias de seguridade nos vehículos destinados a transporte escolar compartido?
- Cales van ser os protocolos de limpeza e desinfección deses vehículos?
- Qué medidas de protección individual vanse aplicar os usuarios do transporte?
- Vanse manter as condicións de transporte compartido tendo en conta que ese transporte podeser utilizado por xente que forma parte dun colectivo de risco ante a pandemia?

En espera das súas respostas,un cordial saúdo.

Isabel Calvete

Presidenta de Fapacel

XEFA TERRITORIAL DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL EN LUGO:

Dende a Federación FAPACEL queremos manifestar a nosa preocupación polo desenvolvemento deste último trimestre do curso e das fases da desescalada.

Levamos seis semanas de confinamento e aínda hoxe nos chegan queixas das familias pola falta de organización no que queda do curso e a incerteza ante o comezo do vindeiro curso.

Se ben as instrucións saíron publicadas o día 28 de abril de 2020, seguimos a ter os mesmos problemas que ao inicio do estado de alarma, aos que hai que engadir a incerteza das familias do alumnado que se vaian incorporar aos centros na segunda fase da desescalada.

Segue a haber unha falta de organización nas tarefas dos/as alumnos/as; non se está a ter en conta a dificultade que supón conseguir material escolar, nin tan sequera fotocopias nestas circunstancias de illamento .

Tamén vemos como isto está a supor un esforzo económico que non todas as familias poden asumir nestes momentos.

Seguimos a ter unha dependencia física dos libros de texto que quedaron nos pupitres e que, a estas alturas e coas ferramentas que proporciona a consellería aos docentes, xa debía estar solventada.

A fenda dixital segue aí, a falta de material tecnolóxico para os/as alumnos/as únese a falta de formación nesa competencia de toda a comunidade educativa, incluíndo ás nais e pais que estamos a facer de profesores/as ás veces con pouco éxito.

Engadimos a todo isto a falta de información sobre como se van desenvolver as fases da desescalada en materia educativa.

Permítese na “fase 2” a reapertura dos colexios na última semana de maio para actividades de reforzo, para preparar as ABAU e para conciliar..pero ..en que condicións?

Solicitamos que nos aclaren as seguintes cuestións:

- Como se vai manter a desinfección dos centros nas condicións adecuadas? Con que persoal?
- Vanse colocar xa os dispensadores de desinfectantes para as mans?
- Hai máscaras para os/as nenos/as, profesores/as e traballadores/as dos centros?
- Vanse desdobrar as clases para manter a distancia de seguridade? E haberá os profesores/as necesarios/as para eses desdobres?
- Nos transportes escolares, como teñen previsto manter as distancias?
- Hai protocolos de limpeza deses transportes?
- Van cambiar os horarios dos centros para poder organizar todo isto?

- Cara ao comezo do próximo curso, vaise preparar un plan de dixitalización do sistema educativo que garanta que todos/as alumnos/as estean en condicións de acceder a el e non haxa posibilidade de deixar a ninguén atrás?
- Vai haber o profesorado de apoio necesario para os/as alumnos/as de necesidades específicas e para a atención á diversidade?

Queda menos dun mes. Realmente é aconsellable voltar ás aulas con todas estas incógnitas no aire?

Isabel Calvete Carrera

Presidenta de Fapacel

MEMORIA

ACTIVIDADES OFERTADAS AS ANPAS

COMPETENCIAS DIXITAIS

Despois de ver a falla de recursos que as familias tiñan en competencias dixitais, tralo confinamento pola pandemia, a FAPACEL decidiu ofertar as súas socias estes talleres:

O principal obxectivo do curso radica en proporcionar as competencias e habilidades precisas para que as familias adquira coñecementos básicos en GOOGLE DRIVE Y GOOGLE DOCUMENTOS, unha das ferramentas que os colexios usaron para traballar cos alumnos

Tema 1

1. Conceptos xerais.
2. Comenzar en Google Drive.
3. Espazo de traballo en Google Drive.
4. Servizos adicionais de Google.
5. Xestión avanzada da conta de inicio de Google Drive.
6. A miña unidade en Google Drive.
7. Xestión dos arquivos en Google Drive.

Estes cursos foron feitos via online

Curso levado a cabo nas seguintes anpas:

- Anpa As Mercedes (Lugo)
- Anpa Ceip Monterroso
- Anpa Nº1 de Foz
- Anpa IES Ollos Grandes (Lugo)
- Anpa Pastoriza- Xose Luis Taboada (Carballedo)
- Anpa Nois (Foz)- Anpa A Abella (Lugo)
- Anpa Illa Verde
- Directiva da FAPACEL
- Anpa Lagostelle (Guitiriz)

CURSO DE COMPETENCIAS DIXITAIS






IMPARTIDO POR LETICIA

4 SESIÓN: 22/10, 26/10, 2/11 E 16/11

ÁS 21.00 HORAS

PLATAFORMA ZOOM



COLABORA A ANPA DO CEIP LAGOSTELLE



Charla Resolución de Conflictos

O taller parte de explorar as prácticas que levan a cabo as nais e os pais para resolver os conflitos no fogar. Analízanse as principais preocupacións vinculadas coa idade, e relaciónanse cos retos de desenvolvemento desa idade. Nunha segunda parte a través de dinámicas de representación de roles reflexionamos sobre a importancia das emocións no conflito e traballamos estratexias de Resolución positiva de conflitos

Charlas dadas vía online

As anpas que participaron nestas charlas foron:

- Anpa Lagostelle (Guitiriz)
- Anpa Cervo
- Anpa Xose Luis Taboada (Carballedo)
- Anpa EEI Sarria
- Anpa IES Monterroso
- Anpa Nois (Foz)
- Anpa Cervantes
- Anpa Triacastela
- Anpa Virxe do Carmen (Sober)
- Anpa A Granda (Muimenta)
- Anpa Nº1 Foz

A TRAVES DA PLATAFORMA ZOOM

CHARLA SOBRE RESOLUCION DE CONFLICTOS



ponente: Laura Pardeiro

venres 30 de outubro ás 18.00H

contactar a través de TokApp (ata o 28/10)



colabora a Anpa do CEIP VIRXE DO CARMEN (SOBER)



CHARLA EDUCACION EMOCIONAL

Actividade que fixemos online. A intelixencia emocional é a capacidade pra comprender e xestionar as nosas emocións e comprender os estados emocionais das persoas que nos rodean. A incertidume xerada pola Covid-19 plantexa novos retos para as familias. Dende unha perspectiva educativa traballaremos sobre diversas ferramentas e estratexias para fomentar a aprendizaxe e a reflexión emocional no fogar.

Charla que foi dada as seguintes anpas:

- Anpa IES Ollos Grandes (Lugo)
- Anpa IES Monterroso
- Anpa Illa Verde (Lugo)
- Anpa Becerrea
- Anpa Insúa Bermúdez (Vilalba)
- Anpa A Granda (Muimenta)
- Anpa Cervantes
- Anpa Eduardo Cela Vila (Triacastela)
- Anpa Virxe do Carmen (Sober)
- Anpa As Mercedes (Lugo)
- Anpa A Abella (Lugo)
- Anpa Salvador (Pastoriza)
- Anpa Monterroso

A TRAVES DA PLATAFORMA ZOOM

CHARLA SOBRE EDUCACION EMOCIONAL



ponente: Laura Pardeiro
mércores 18 de novembro ás 16.00H



Charlas diversidade sexual e de xénero e familias

Estas charlas de sensibilización tratarán sobre a diversidade afectivo-sexual, familias diversas e a LGTBIfobia na contorna familiar e social.

O que se busca a través destas charlas dirixidas as familias das ANPAS e Escolas de Nais e Pais, é proporcionar información e estratexias específicas para que as familias poidan xestionar sanamente o feito de ter un/unha fillo/filla que non cumpra cas expectativas sexuais e de xénero e achegar ferramentas prácticas para poder aceptar e acompañar dunha maneira positiva entendendo o importante que é o amor incondicional e o apoio da familia como un feito necesario para a vida presente e futura destxs menores.

Outra finalidade moi importante destas accións destinadas ás familias e titores, é fomentar e reforzar a relación entre elas e os centros educativos, tratando de coordinar as accións pedagóxicas familiares e as escolares.

As charlas, terán unha duración estimada de 1.30 Hs. As cuestións a tratar serán:

- ☐ Os catro elementos que conforman a diversidade afectivo- sexual: sexo asignado, identidade sexual, orientación sexual e expresión de xénero.
- ☐ Principais formas de homofobia e transfobia social.
- ☐ As familias, do rexeitamento a aceptación e o acompañamento.
- ☐ Familias diversas.


Charla feitas via online

As anpas que solicitaron estas charlas foron:

- Anpa IES Ollos Grandes (LUgo)
- Anpa Mercedes (Lugo)
- Anpa Cervo
- Anpa Incio
- Anpa Cervantes

VIA ONLINE

DIVERSIDADE SEXUAL, DE XENERO E FAMILIAS



ponente: Cristina Palacios

5 de novembro ás 19.00H



CONTACTAR CON: anpaiesollosgrandes@gmail.com

COLABORA ANPA IES OLLOS GRANDES



CHARLAS “EDUCANDO HOXE ÁS PERSOAS DE MAÑÁ”


Estas charlas van acompañadas dunha guía que se entregou a tódalas familias que participaron nas charlas.

Esta guía esta creada para que as persoas adultas a lean en soidade ou acompañadas das nenas e nenos que teñan arredor. A igualdade é sinónimo de bos tratos, de oportunidades, de dereitos e de calidade de vida. Unha das tarefas que as persoas maiores teñen en canto ás máis pequenas é procurarlles unha sociedade máis xusta e respetuosas-

A raíz desta guía ofertamos unhas charlas co mesmo título-

As anpas que participaron nestas charlas foron:

- Anpa Cervo
- Anpa Virxe do Carmen (Sober)
- Anpa Eduardo Vila Cela (Triacastela)
- Anpa Insúa Bermudez (Vilalba)
- Anpa A Abella (Lugo)



EDUCANDO HOXE ÁS PERSOAS DE MAÑÁ

GUÍA SOBRE COEDUCACIÓN PARA FAMILIAS

CHARLAS MEDRAR EN IGUALDADE

A guía que pretendemos facer pretende ser un instrumento de apoio útil e sinxela para nais, pais ou tutores, integradas nos diferentes modelos familiares que conviven na nosa sociedade e queiran introducir un cambio de actitude que favoreza a coeducación en Igualdade de Xénero

Propoñera integra o enfoque de xénero na educación das nenas e nenos e adolescentes,

incorporando información, conceptos, habilidades que poidan servir para transmitir os valores de igualdade e os coñecementos precisos para a prevención e detección da violencia de xénero entre a poboación de referencia

Os obxectivos que pretendemos son :

- Sensibilización en Igualdade
- Previr a violencia de xénero
- Adquisición de valores e actitudes de comportamento que favorezan a desaparición das desigualdades

A metodoloxía que pretendemos usar é activa , participativa e que invite a reflexión, o diálogo entre as nais/pais e as súas fillas e fillos. Para elo utilizaremos unha linguaxe sinxela e o máis accesible posible a todo o mundo

As anpas que participaron nestas charlas foron:

Anpa EEI Sarria

Anpa Insua Bermudez (Vilalba)

Anpa Incio

Anpa nº1 Foz

Anpa Nois

--

MEDRAR EN IGUALDADE



REPENSANDO A EDUCACIÓN DENDE A FAMILIA
FAPACEL (...)



Laura Pardeiro
-Psicóloga-
ANPA DO INICIO

MERCORES 9
AS 18 HORAS

A CHARLA SERÁ A TRAVÉS DA PLATAFORMA ZOOM



DEPUTACIÓN
DE LUGO

ANPA
DO INICIO



Tamén organizamos o IX concurso de postais/fotografía e relato curto . Neste caso participaron crianzas de 52 anpas asociadas.



ENTREGA PREMIOS CONCURSO
FAPACEL

SABADO 19 DE DICIEMBRE
NO VELLO CARCERE
AS 12.00 HORAS

COA ACTUACIÓN DE BRANCA
VILLARES

ANPA
FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE CENTROS NAUTICOS
LUGO
FAPACEL

DEPUTACIÓN
DE LUGO
VICERREINADO

Cultura

TRAMA
ONLY WHEN GO LUGO

Sp Adobe Spark



IX CONCURSO POSTAIS,



**FOTOGRAFIAS E
MICORRELATOS
DE FAPACEL**



**PODERAN PARTICIPAR TODAS AS NENAS E
NENOS DAS ANPAS FEDERADAS A FAPACEL**



**AS BASES PODEREDES ATOPALAS NA NOSA
PAXINA WEB**

WWW.FAPACEL.COM



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA

As postais gañadoras foron estas:



BALANCE ECONOMICO 2020

FAPACEL			
LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2020			
CONCEPTO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
SALDO EJERCICIO ANTERIOR	4.992,12		4.992,12
CUOTAS ASOCIADOS	6.350		11.342,12
CUOTAS SEGUROS	1.950		13.292,12
CONVENIO DEPUTACION	2.000		15.292,12
XUNTA DE GALICIA	2.975		18.267,12
PRESTAMO TERCEIROS	10.000		29.267,12
DOAZON	232,25		28.499,37
NOMINAS		7166,49	18.357,88
SS		2650,26	15.707,62
ASESORIA		435,60	15.272,05
IRPF		1508,29	13.763,73
PAPELERIA-IMPRESA-LIBRERÍA		659,66	13.104,07
TELEFONO		279,80	12.824,27
SEGUROS		1853,07	10.971,27
LAURA PARDEIRO		3647,75	7.323,52
CRISTINA PALACIOS		765	6.558,52
LETICIA		2380	4.178,52
GASTOS BANCARIOS		107,73	4.070,79
CUOTA ANPAS GALEGAS		273,75	3.833,04
SILVIA LAGE RIVERA		110,50	3.722,54
INTERDIX GALICIA		134,31	3.588,25
MAELOC		250	3.338,23

DEVOLUCION XUNTA		181,58	3.156,66
MENOS DA UNHA PEDRA		250	2.906,65
CELTIA PEREZ RODRIGUEZ		36	2.870,65
BLANCA VILLARES		255	2615,65
RESULTADOS ANUAIS TOTAIS	28.499,37	24.554,79	3.944,58
SALDO NA CONTA BANCARIA			969,82
PENDIENTE PAGO IRPF 4º TRIMESTRE			-1.309,44
PENDIENTE INGRESAR SUBVENCION XUNTA			2.975
PENDIENTE INGRESAR SUBVENCION DEPUTACION			15.000
DEVOLUCION PRESTAMOS A TERCEIROS			-10.000
DIFERENCIA PARA CONCILIAR			-7.635,38
PRESTAMO PENDIENTE 2019			-1.000

ORZAMENTO ECONÓMICO 2021

INGRESOS	
DEPUTACIÓN 15,000	15.000
XUNTA: 3,000	3.000
IGUALDAD: 6,000	6.000
CUOTAS: 6,350	6.350
TOTAL: 30.350	30.350
PTE INGRESO DEPUTACION 2020	15.000
PTE INGRESO XUNTA	2.975
GASTOS:	
NÓMINAS: 6,240	6.240
SS 2,600	2.600
ASESORÍA: 440	440
SERVICIO PREVENCIÓN: 210	210
SEGUROS: 1,900	1.900
ACTIVIDADES: 12,700	12.700
DOMINIO PG. WEB: 135	135
CUOTA FEDERACIÓN 200	200
PAPELERIA/IMPRESA 3,625	3.625
IMPOSTOS 2,000	2.000
TFNO 300	300
TOTAL	30.350
PRESTAMOS PDES A TERCEROS	11.000